

RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE MAIO DE 2013 POLA QUE SE ACORDA A RECTIFICACION DA REDACCIÓN DA *NORMATIVA SOBRE PERMANENCIA NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER*

No momento de aprobación da Normativa sobre permanencia nas titulacións de Grao e Máster, se acordou incorporar as suxestións indicadas no informe do Consejo de Universidades do Ministerio de Educación, entre elas a relativa ao número de convocatorias dos Másteres conducentes ao exercicio de profesións reguladas, que deberían ser as mesmas que nos graos.

Sen embargo, por un erro mecanográfico, esta suxestión non figura no texto final aprobado polo Consello Social do 5 de xuño de 2012, nin na Resolución do 13 de xuño de 2011, pola que se acorda a publicación da Normativa sobre permanencia nas titulacións de Grao e Máster (DOG 17 de xullo).

Neste senso, advertido o erro mecanográfico e ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, procede realizar a correspondente corrección de erros.

Por todo o anterior, esta Reitoría Resolve:

No artigo 4.1, "Réxime de convocatorias", da *Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster*, onde di:


*1. Con independencia das oportunidades previstas en cada convocatoria, o alumnado poderá concorrer a un máximo de catro convocatorias para estudos de grao e dúas para o resto dos estudos de máster. Para estes efectos entenderase que os alumnos teñen dereito a unha convocatoria por curso.*

Debe dicir:

*1. Con independencia das oportunidades previstas en cada convocatoria, o alumnado poderá concorrer a un máximo de catro convocatorias para estudos de grao e máster conducentes a exercicio de profesións reguladas, e dúas para o resto dos estudos de máster. Para estes efectos entenderase que os alumnos teñen dereito a unha convocatoria por curso.*

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2013.

O Reitor



Juan J. Casares Long

